

REGULAMENTO I CARRERA POPULAR DE ORTIGUEIRA

Art.1). O Concello de Ortigueira coa colaboración da Federación Galega de Atletismo organizan o próximo 11 de Agosto de 2012 a **I Carreira Popular de Ortigueira**.

Art.2) A proba absoluta celebrarase sobre unha distancia aproximada de 8.000m. Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para recorrer a distancia de 1h e 20min.

Art.3). As inscricións realizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo www.atletismogalego.org onde será obrigatorio cubrir os datos solicitados e facer o pago de 3 euros na pasarela de pago da Federación Galega de Atletismo até as 20:00h do martes 7 de Agosto de 2012.

Soamente abonaran cuota de inscrición os atletas que tomen parte na proba de 8000 metros

Tódolos atletas teñen a obriga de comprobar que a súa inscrición está correctamente formalizada na páxina www.atletismogalego.org.

Art.4) As categorías e distancias son as seguintes:

HORARIO	DISTANCIA	CATEGORIA
18:30h	100metros aprox.	Pre-benxamin (2005 e posteriores)
18:40h	1.000metros aprox.	Benxamin (2003-2004) Alevin (2001-2002) Infantil (1999/2000) Cadete (1997/1998) Xuvenil (1995-1996)
19:00h Carrera absoluta	8.000metros aprox.	Junior (1993-1994) Promesa (1990-1991-1992) Senior (1989 até veterans) Veteran A (de 35-44 anos) Veteran B (de 45-54 anos) Veteran C (de 55 en adiante)

Art.5). As carreriras estarán controladas polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ó Xuiz Arbitros da proba ata 30m despois de publicados os resultados.

Art.6) Os dorsais e chips serán entregados o mesmo día da proba 11 de Agosto na zona de saída en horario de 16:30 até 18:00h debendo o atleta levar o dorsal visible e sen dobreces no peito e sen manipular o chip colocado na parte traseira do mesmo.

A participación sin dorsal, co correspondiente a outro corredor o con outro que non sea o oficial da proba está totalmente prohibida e podrá supoñer a exclusión inmediata da proba por parte do Xurado ou membros da Organización.

Art.7. Entregaránse trofeos aos tres primeiros da clasificación absoluta e ao primeiro de cada categoría tanto masculino como feminino e un pequeno agasallo os prebenxamins.

Art.8. A organización terá a disposición dos atletas servizo médico con persoal sanitario e ambulancia.

Art.9. A organización terá contratado un seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos para todos os participantes.

Art.10. Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, ou no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

Art. 11. Todos os atletas que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben cumprir todos os aspectos reflexados neste regulamento.

